

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: Aprobación definitiva do Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - PE2Razo-Arnados. *Expediente 2017/X999/001277.*

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 31 de xullo de 2023, acordou resolver as alegacións presentadas e aprobar definitivamente o *“Plan especial de protección, infraestruturas e dotacións en Arnados-Razo - PE2 Razo-Arnados”*, co reaxuste da súa delimitación, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Iria Pérez Miranda (nº colexiada 3194 COAG), Miguel Ángel Abad Blanco (nº colexiado 1877 COAG), Antonio Deus Álvarez (nº colexiado 1875 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (nº colexiado 3877 COAG), presentada o 12 de abril de 2023 (número de rexistro de entrada 202399900001761).

Faise público este acordo segundo o disposto no artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Decreto 143/2016, do 22 de setembro) e de conformidade co disposto nos artigos 82 da mesma lei e 199 do seu regulamento, xunto co documento dilixenciado (no que se inclúen as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente), que está a disposición dos interesados na páxina web deste concello na seguinte ligazón (apartado 4 Plans especiais):

<http://www.carballo.org/urbanismo/planeamentodesenvolvemento.php?idioma=gl#ancla>

Carballo, 4 de setembro de 2023 (asinado dixitalmente)

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez